

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FOMENTO

**16892** Orde FOM/1146/2019, do 13 de novembro, pola que se completa o réxime aplicable ao persoal aeronáutico en materia de competencia lingüística.

A Orde FOM/896/2010, do 6 de abril de 2010, pola que se regula o requisito de competencia lingüística, estableceu as condicións para acreditar o nivel de competencia lingüística exixible aos pilotos civís, de avión e helicóptero, aos controladores civís de tránsito aéreo e aos alumnos controladores, así como as condicións para a súa anotación nas respectivas licenzas, o sistema para a avaliación dos coñecementos exixidos e a autorización dos centros avaliadores. Esta orde ditouse en aplicación do Real decreto 270/2000, do 25 de febreiro, polo que se determinan as condicións para o exercicio das funcións do persoal de voo das aeronaves civís, e do Real decreto 1516/2009, do 2 outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.

Na actualidade, os niveis de competencia lingüística están regulados, no caso dos controladores civís de tránsito aéreo e alumnos controladores, polo Regulamento (UE) 2015/340 da Comisión, do 20 de febreiro de 2015, polo que se establecen requisitos técnicos e procedementos administrativos relativos ás licenzas e aos certificados dos controladores de tránsito aéreo, determina os diferentes niveis de competencia lingüística, o modo de acreditarlos e a validez das anotacións, e, no caso do persoal de voo da aviación civil, polo Regulamento (UE) n.º 1178/2011 da Comisión, do 3 de novembro de 2011, polo que se establecen requisitos técnicos e procedementos administrativos relacionados co persoal de voo da aviación civil en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello.

Adicionalmente, o Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromo (AFIS), e o Real decreto 1238/2011, do 8 de setembro, polo que se regula o servizo de dirección na plataforma aeroportuaria, conteñen previsións sobre a competencia lingüística do persoal que presta os respectivos servizos.

Este réxime, non obstante, non é exhaustivo. Así, ambos os regulamentos europeos difiren a determinación do método de avaliación da competencia lingüística ao que estableza a autoridade competente de cada Estado membro, e recollen que os centros avaliadores deban cumprir os requisitos establecidos polas respectivas autoridades. Hai outros aspectos que igualmente requiren ser completados, tal é o caso, entre outros, do procedemento de anotación da competencia lingüística nas respectivas licenzas.

No caso do persoal que presta servizos de información de voo, en diante persoal AFIS, ou de dirección da plataforma, en diante persoal SPD, os respectivos reais decretos limitanse a establecer a exixibilidade de, ao menos, un nivel de competencia lingüística operacional (4), e remitan, en relación con requisitos, eficacia, avaliación e certificación do nivel de competencia lingüística, ao previsto na Orde FOM/896/2010, do 6 de abril.

Atendendo a canto antecede, esta orde completa o réxime previsto na normativa europea e nacional de aplicación en materia de competencia lingüística do persoal aeronáutico e establece o método de avaliación da dita competencia e o procedemento para a súa aprobación; os requisitos que deben cumprir os centros avaliadores, o persoal avaliador e o persoal interlocutor, que se recolle expresamente na orde, de conformidade co disposto pola Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) no Documento 9835-AN/453 e na Circular 318-AN/180, así como o teor do certificado que deben expedir os centros avaliadores a aqueles que superasen a correspondente avaliación.

Así mesmo, establécese o procedemento para a anotación na licenza ou certificación da competencia lingüística de pilotos, controladores e alumnos controladores de tránsito

aéreo, persoal AFIS e SPD, así como, no que respecta aos pilotos, para a anotación de radiotelefonía.

Ademais, establécese a escala de competencia lingüística aplicable ao persoal AFIS e SPD e os prazos de validez da súa certificación, así como o mantemento desta e da anotación de competencia lingüística na licenza dos pilotos a través da revalidación, ou, noutro caso, o cómputo do período de validez das respectivas renovacións. Tamén para os pilotos e o persoal AFIS e SPD se establece o réxime para a anotación ou certificación do nivel de experto (6) sen necesidade de avaliación, xa por tratarse de falantes nativos, xa por estar en posición de titulación que acredita a dita condición. Este réxime non é aplicable aos controladores e alumnos controladores de tránsito aéreo, por viren recollidas as respectivas disposicións no regulamento europeo.

A regulación axústase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que o contido desta orde é o instrumento adecuado para garantir a coherencia da normativa nacional coa normativa europea xa citada, o que determina a súa necesidade e eficacia; é proporcional, dado que contén as disposicións imprescindibles para garantila; afianza o principio de seguridade xurídica ao derogar de forma expresa a Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, do 10 de abril, e así o requisito de competencia lingüística pasa a regularse a través da presente orde e elimínanse eventuais incertezas xurídicas. É acorde co principio de transparencia, en particular ao ter posibilitado a participación do sector e, a través da consulta pública, de eventuais destinatarios da norma, e, por último, aplica o principio de eficiencia ao ser neutra en materia de cargas administrativas.

O título constitucional habilitante para a aprobación desta norma encóntrase recollido no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución española, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

A presente orde ministerial dítase no exercicio das competencias atribuídas ao Ministerio de Fomento en virtude do artigo 5.1.h) da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e ao abeiro da habilitación normativa prevista na disposición derradeira cuarta da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, así como na disposición derradeira segunda do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, e na disposición derradeira terceira do Real decreto 1238/2011, do 8 de setembro.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto determinar o método de avaliación da competencia lingüística dos titulares das licenzas aeronáuticas civís de piloto, de controlador de tránsito aéreo e de alumno controlador, e a correspondente anotación nas súas licenzas cando fosen emitidas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea ou cando esta sexa a autoridade competente.

Igualmente, establécense os requisitos de competencia lingüística do persoal do servizo de información de voo de aeródromo (en diante, persoal AFIS) e o persoal do servizo de dirección de plataforma (en diante, persoal SDP) e a súa certificación.

Así mesmo, regúlanse os requisitos para a anotación das atribucións de radiotelefonía dos pilotos civís.

2. Por outra parte establécense os requisitos que deben cumprir os centros avaliadores da competencia lingüística e o seu persoal avaliador e interlocutor, así como o procedemento para a aprobación do seu método de avaliación.

3. O método de avaliación da competencia lingüística establecido nesta orde será de aplicación aos titulares das licenzas aeronáuticas civís a que se refire o número 1, emitidas

pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, ou non ténndoas emitido, cando esta sexa a autoridade competente; así como ao persoal AFIS e SDP.

## Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase por:

- a) Atribucións de radiotelefonía: condicións exixidas aos pilotos para demostrar os coñecementos de radiotelefonía no idioma correspondente.
- b) Centro avaliador de competencia lingüística: organización ou parte dunha organización que, reunindo os requisitos establecidos na presente orde, ten aprobado, pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, o método para realizar a avaliación do nivel de competencia lingüística.
- c) Certificado: documento emitido por un centro avaliador de competencia lingüística por medio do cal se demostra que se superou a avaliación de competencia lingüística.
- d) Competencia lingüística: capacidade para falar e entender o idioma empregado nas comunicacións radiotelefónicas aeronáuticas.
- e) Avaliador: persoa física que, reunindo os requisitos establecidos na presente orde, é a encargada de determinar o nivel de competencia lingüística dun candidato, tras unha proba nun centro avaliador de competencia lingüística, en función da escala de cualificación da competencia lingüística aplicable a cada candidato.
- f) Experto en idiomas: persoa física que coñece en profundidade os sistemas lingüísticos propios dunha lingua, a súa gramática e o seu vocabulario.
- g) Interlocutor: persoa física que, reunindo os requisitos establecidos na presente orde, é a encargada de interactuar co candidato durante a proba oral de competencia lingüística, pero sen avaliar o nivel do examinado.
- h) Método de avaliación de competencia lingüística: proceso mediante o cal se realiza a avaliación da competencia lingüística, así como a cualificación dos avaliadores.
- i) Nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas: grao de dominio lingüístico que ten un falante que sexa capaz de comprender unha ampla variedade de textos extensos e con certo nivel de exixencia, así como de recoñecer neles sentidos implícitos; que saiba expresarse de forma fluída e espontánea sen mostras moi evidentes de esforzo para encontrar a expresión adecuada; que poida facer un uso flexible e efectivo do idioma para fins sociais, académicos e profesionais; que poida producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, mostrando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.
- j) Nivel C2 do Marco común europeo de referencia para as linguas: grao de dominio lingüístico que ten un falante que sexa capaz de comprender con facilidade practicamente todo o que oe ou le; que saiba reconstruír a información e os argumentos procedentes de diversas fontes, xa sexan en lingua falada ou escrita, e presentalos de maneira coherente e resumida; que poida expresarse espontaneamente, con gran fluidez e cun grao de precisión que lle permite diferenciar pequenos matices de significado mesmo en situacións de maior complexidade.
- k) Piloto: denominación que se refire a pilotos civís de avión, helicóptero, aeronaves de engalaxe vertical e dirixibles.
- l) Renovación: actuación administrativa realizada despois de que a validez dunha habilitación, anotación ou certificado expirase, para restablecer as súas atribucións por outro período predefinido.
- m) Revalidación: actuación administrativa realizada durante o período de validez dunha habilitación, anotación ou certificado que permite ao titular continuar exercendo as súas atribucións por outro período predefinido.

## CAPÍTULO II

**Procedemento e período de validez das anotacións e certificacións da competencia lingüística e das atribucións de radiotelefonía***Artigo 3. Anotación e certificación da competencia lingüística.*

1. Para o exercicio das súas funcións, os titulares dunha licenza de piloto deberán ter anotado o nivel de competencia lingüística requirido polo Regulamento (UE) n.º 1178/2011 da Comisión, do 3 de novembro de 2011, polo que se establecen os requisitos técnicos e procedementos administrativos relacionados co persoal de voo da aviación civil en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello.

Para o exercicio das súas funcións, os titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo ou de alumno controlador deberán ter anotado o nivel de competencia lingüística requirido no Regulamento (UE) 2015/340 da Comisión, do 20 de febreiro de 2015, polo que se establecen requisitos técnicos e procedementos administrativos relativos ás licenzas e aos certificados dos controladores de tránsito aéreo en virtude do Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por petición do interesado, anotará nas licenzas a que se refire o número anterior o nivel dos idiomas castelán ou inglés, ou ambos, segundo proceda, cando se cumpra o establecido no artigo 7.2. O interesado deberá achegar, xunto á súa solicitude de anotación, un certificado expedido conforme o exixido polo artigo 17. A anotación da competencia lingüística axustarase ao resultado da avaliación que conste no dito certificado.

O prazo máximo para resolver o procedemento de anotación da competencia lingüística é de tres meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Axencia Estatal de Seguridade Aérea. As resolucións da Dirección de Seguridade competente serán notificadas aos solicitantes no prazo máximo de dez días desde a data en que se adopten, e conterán, en caso de denegación, os motivos en que esta se fundamenta.

A falta de resolución expresa no prazo máximo para resolver lexítima o interesado para entender denegada a súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 24.1, parágrafo segundo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Contra a resolución a que se refire o número anterior, o interesado poderá interpor recurso de alzada ante o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de acordo co establecido no artigo 4.3 do Estatuto da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, aprobado polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro.

O prazo máximo para resolver o recurso de alzada será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que se notificase a resolución expresa, poderase entender desestimado o recurso e quedará expedita a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

4. O persoal AFIS e SDP deberá poder demostrar o seu nivel de competencia lingüística ante a autoridade competente por requirimento desta, mediante un certificado obtido conforme o previsto no artigo 7.2 e expedido por un centro avaliador de competencia lingüística que acredite o dito nivel, de acordo co disposto no artigo 17 desta orde.

*Artigo 4. Anotación das atribucións de radiotelefonía.*

1. Para o uso do radioteléfono os titulares dunha licenza de piloto deberán dispor dunha anotación de radiotelefonía en castelán ou inglés, para cuxo efecto deberán solicitala á Dirección de Seguridade de Aeronaves da Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Para isto, deberán acreditar ter superado un exame de comunicacións e unha proba de pericia en voo, ou unha verificación de competencia de acordo co establecido no Regulamento (UE) n.º 1178/2011, do 3 de novembro de 2011, durante a cal realizasen comunicacións radiotelefónicas de dobre dirección no idioma en que soliciten a anotación adicional.

2. O prazo máximo para resolver o procedemento de anotación das atribucións de radiotelefonía é de tres meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico. As resolucións da Dirección de Seguridade de Aeronaves serán notificadas aos solicitantes no prazo máximo de dez días desde a data en que se adopten, e conterán, en caso de denegación, os motivos en que esta se fundamenta.

A falta de resolución expresa no prazo máximo para resolver lexitima o interesado para entender denegada a súa solicitude, de acordo coa excepción do artigo 24.1, parágrafo segundo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Contra a resolución do número anterior, o interesado poderá interpor recurso de alzada ante o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de acordo co establecido no artigo 4.3 do Estatuto da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

O prazo máximo para resolver o recurso de alzada será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que se notificase resolución expresa, poderase entender desestimado o recurso e quedará expedita a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

#### Artigo 5. *Período de validez das anotacións e certificacións da competencia lingüística e o seu mantemento.*

1. Os niveis de competencia lingüística e os períodos de validez das anotacións serán os establecidos, respectivamente, nos regulamentos (UE) n.º 1178/2011 da Comisión, do 3 de novembro de 2011, e 2015/340 da Comisión, do 20 de febreiro de 2015.

2. No caso do persoal AFIS e SDP, a validez do certificado de competencia lingüística será a seguinte:

- a) Para o nivel operacional (nivel 4), 3 anos.
- b) Para o nivel avanzado (nivel 5), 6 anos.
- c) Para o nivel de experto (nivel 6), 9 anos para o idioma inglés e ilimitado en castelán se se cumpre o establecido no artigo 6.

3. O mantemento da validez da anotación do nivel de competencia lingüística nas licenzas dos pilotos, coa excepción daqueles que demostrasen competencia lingüística a nivel de experto de acordo coa normativa europea que lles resulte de aplicación, así como a certificación do persoal AFIS e SDP, requirirá a súa revalidación antes da súa data de expiración, para o cal o interesado deberá someterse a unha nova avaliación de nivel de competencia lingüística.

Para estes efectos, para a primeira anotación ou certificación, o período de validez contarase a partir da data de realización da proba de avaliación, ampliado até o final do mes correspondente no caso de anotación. Para os seguintes períodos, a validez contarase a partir da data de expiración do período de validez anterior, sempre que se supere unha nova avaliación nos tres meses inmediatamente anteriores á data de caducidade da anotación ou certificación, realizada de conformidade co previsto nesta orde.

4. No caso de renovación dunha anotación ou certificación de competencia lingüística por ter expirado o seu prazo de validez sen que se revalidase, conforme o previsto no número 2, ou por ter superado a proba de avaliación para a revalidación fóra do prazo de tres meses previsto no dito número, o novo período de validez da anotación ou certificación contarase a partir da data en que se superou a proba de avaliación, ampliado até o final do mes correspondente no caso de anotación.

#### Artigo 6. *Nivel de experto para pilotos, persoal AFIS e SDP.*

1. A anotación de idioma no nivel de experto (nivel 6) non requirira a avaliación prevista no artigo 7 para os titulares dunha licenza de piloto que sexan falantes nativos, ou que xustifiquen ser titulares de, ao menos, un dos certificados establecidos no anexo II para o nivel C2 do Marco común europeo de referencia para as linguas, na lingua para a cal se solicite a anotación.

O anterior tamén será de aplicación á certificación de competencia lingüística no nivel de experto do persoal AFIS e SPD.

2. Para efectos do disposto neste artigo, poderán considerarse falantes nativos, no caso do castelán, aqueles teñan nacionalidade española ou daqueles países en que o castelán ou español sexa lingua oficial, ou nacesen en España ou outro país hispanofalante, e no caso do inglés, aqueles teñan nacionalidade daqueles países en que o inglés sexa lingua oficial, ou nacesen nun país angloparlante.

Ademais, os interesados deberán achegar un certificado oficial de estudos que demostre que se superou, en español ou castelán ou en inglés, segundo sexa o caso, o ensino obrigatorio establecido pola autoridade competente en materia de educación.

### CAPÍTULO III

#### **Avaliación do nivel de competencia lingüística**

*Artigo 7. Obtención, revalidación ou renovación dunha anotación ou certificación de competencia lingüística.*

1. Para obter, revalidar ou renovar unha anotación ou certificación de competencia lingüística, o interesado deberá superar unha avaliación realizada por un centro cuxo método de avaliación fose aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, sen prexuízo do disposto no artigo 17.2.

2. O interesado na obtención, revalidación ou renovación da anotación ou certificación de competencia lingüística deberá alcanzar na avaliación, como mínimo, o nivel operacional (nivel 4).

*Artigo 8. Requisitos de avaliación.*

Os requisitos de avaliación da competencia lingüística para os pilotos son os establecidos no punto FCL.055.b) do Regulamento (UE) n.º 1178/2011 da Comisión, e para os controladores de tránsito aéreo e alumnos controladores do tránsito aéreo, os establecidos no punto ATCO.B.030.c) do Regulamento (UE) 2015/340 da Comisión.

Os requisitos de avaliación da competencia lingüística para o persoal AFIS E SDP son calquera dos citados no parágrafo anterior.

*Artigo 9. Probas de avaliación.*

1. A avaliación consistirá nas seguintes probas:

- a) Probas de comprensión auditiva.
- b) Probas de expresión oral ou conversación.
- c) Entrevistas sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo do colectivo de que se trate.
- d) Entrevistas que comprendan exclusivamente unha interacción verbal, sen que exista contacto visual.

2. As probas de avaliación serán adecuadas para apreciar os coñecementos do nivel exixible de acordo coa escala de cualificación aplicable a cada candidato, segundo sexa titular dunha licenza aeronáutica civil de piloto, controlador de tránsito aéreo ou alumno controlador, de acordo coa normativa europea. Para o persoal AFIS e SDP a escala de cualificación é a contida no anexo I.

O persoal encargado do seu deseño e desenvolvemento debe posuír coñecementos de comunicacións radiotelefónicas aeronáuticas e as súas exixencias, estar familiarizado cos requisitos de competencia lingüística da Organización de Aviación Civil Internacional (OACI) e acreditar, ao menos, un dos seguintes requisitos:

- a) Formación no desenvolvemento de probas de avaliación de idiomas.

- b) Experiencia no desenvolvemento de probas de avaliación de idiomas.
  - c) Experiencia na avaliación de idiomas.
3. Para poder asignar o nivel de experto (nivel 6) a un candidato, a avaliación será levada a cabo por dous avaliadores.

#### CAPÍTULO IV

##### Centros avaliadores de competencia lingüística

###### Artigo 10. *Requisitos dos avaliadores e dos interlocutores.*

1. Os centros avaliadores da competencia lingüística contarán con avaliadores que fosen previamente aprobados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Para conseguir a dita aprobación, o centro deberá solicitala e achegar os documentos que acrediten que cumpre cos requisitos establecidos nos números 2 ou 3, o acordo ou contrato entre o centro e o avaliador, así como o certificado de que este superou os cursos previstos no artigo 11.

2. Os pilotos ou controladores de tránsito aéreo que desexen actuar como avaliadores deberán ter anotado nas súas licenzas o nivel de experto (6) de competencia lingüística no idioma en que vaian avaliar, aínda que expire a validez da súa licenza de piloto ou controlador.

Tamén poderán ser aprobados como avaliadores do nivel operacional (4) os pilotos ou controladores de tránsito aéreo que teñan anotado nas súas licenzas un nivel avanzado (5) no idioma en que vaian avaliar, aínda que expire a validez da súa licenza de piloto ou controlador.

3. Os expertos en idiomas que desexen ser aprobados como avaliadores da competencia lingüística deberán acreditar estar en posesión de, ao menos, algún dos seguintes títulos ou certificados:

- a) Licenciatura en Filoloxía Inglesa ou Hispánica, ou grao relacionado coa Filoloxía Inglesa ou Hispánica, segundo sexa o caso.
- b) Licenciatura en Tradución e Interpretación, ou grao relacionado coa Tradución e a Interpretación na especialidade de español ou de inglés, segundo sexa o caso.
- c) Certificado de nivel C2 do Marco común europeo de referencia para as linguas, para que serán aceptados os establecidos no anexo II.

4. Os centros estarán facultados para organizar equipos de avaliación formados por pilotos ou controladores de tránsito aéreo e expertos en idiomas.

5. Os centros deberán contar con interlocutores aprobados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, salvo que actúen como interlocutores aqueles que sexan avaliadores previamente aprobados. Para conseguir a aprobación de interlocutores que non sexan avaliadores, o centro deberá solicitala e achegar o acordo ou contrato entre o centro e o interlocutor e os documentos que acrediten que cumpre cos seguintes requisitos:

- a) Os interlocutores que sexan pilotos ou controladores deberán acreditar, ao menos, un nivel avanzado (nivel 5) no idioma en que vaian actuar como tal.
- b) Os interlocutores que non pertencen a ningún destes dous colectivos deberán estar en posesión, como mínimo, dun certificado de nivel C1 do Marco común europeo de referencia para as linguas, para o que serán aceptados os establecidos no anexo II, ou dalgunha das titulacións indicadas no número 3. Adicionalmente, deberán realizar o curso de comunicacións aeronáuticas referido no artigo 11.2.

###### Artigo 11. *Formación específica dos avaliadores de competencia lingüística.*

1. Os pilotos, controladores e expertos en idiomas interesados en actuar como avaliadores da competencia lingüística deberán superar, no centro avaliador da

competencia lingüística onde desenvolvan ou vaian desenvolver a súa actividade, un curso de formación inicial previo á solicitude de aprobación por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, así como os cursos de formación de refresco pertinentes.

As características, duración e frecuencia dos ditos cursos de formación inicial e de refresco serán as determinadas no anexo III.

2. Adicionalmente, os pilotos e controladores cuxa licenza non estea en vigor e os expertos en idiomas que desexen actuar como avaliadores da competencia lingüística deberán superar un curso sobre aspectos do contorno real en que se desenvolvan as comunicacións aeronáuticas.

Este curso, dunha duración non inferior a 40 horas de formación teórica, adaptárase ao programa establecido no anexo IV e deberá ser impartido por un piloto ou controlador de tránsito aéreo con, ao menos, dous anos de experiencia no exercicio das atribucións da súa licenza, ou por un profesional que acredite o seu coñecemento ou experiencia no uso das comunicacións radiotelefónicas entre controladores e pilotos.

#### Artigo 12. *Incompatibilidades dos avaliadores de competencia lingüística.*

1. Os avaliadores non avaliarán a ningún candidato ao cal impartisen formación no idioma en que vaian ser avaliados.

2. Se un piloto ou controlador de tránsito aéreo obtivo o seu certificado de nivel de competencia lingüística no mesmo centro en que desexa exercer como avaliador deberá ter pasado un mínimo de dous anos entre a obtención do dito certificado e a súa solicitude de aprobación como avaliador.

#### Artigo 13. *Aprobación do método de avaliación dos centros avaliadores de competencia lingüística.*

1. Aqueles centros que reúnan os requisitos establecidos neste capítulo e desexen realizar actividades de avaliación da competencia lingüística deberán obter a aprobación do método de avaliación, que será outorgada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. O interesado deberá presentar ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, xunto á solicitude, orixinais ou copias auténticas ou legalizadas dos seguintes documentos:

a) Documentación do centro avaliador: documentación acreditativa de constitución da empresa, comunicación acreditativa do número de identificación fiscal, acreditación da capacidade de representación da persoa que asina a solicitude, manual do centro avaliador e descrición do sistema de xestión da calidade.

b) Documentación dos avaliadores: titulación requirida para dar cumprimento ao artigo 10 e contrato ou acordo que vincule o avaliador co centro. No caso de que a titulación requirida sexa unha licenza que fose expedida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, non será necesaria a súa presentación.

3. O prazo máximo para resolver o procedemento de aprobación do método de avaliación ou a súa modificación é de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro electrónico da Axencia Estatal de Seguridade Aérea. As resolucións da Dirección de Seguridade de Aeronaves serán notificadas aos solicitantes no prazo máximo de dez días desde a data en que se adopten e conterán, en caso de denegación, os motivos nos cales esta se fundamenta.

A falta de resolución expresa no prazo máximo para resolver lexítima o interesado para entender denegada a súa solicitude, de acordo coa excepción do artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Contra a resolución do número anterior, o interesado poderá interpor recurso de alzada ante o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de acordo co establecido no artigo 4.3 do Estatuto da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

O prazo máximo para resolver o recurso de alzada será de tres meses. Transcorrido o dito prazo sen terse notificado a resolución expresa entenderase estimado, cando se interpuxese contra a desestimación por silencio administrativo da solicitude de aprobación.



Noutro caso, o recurso poderá entenderse desestimado e quedará expedita a vía xurisdiccional contencioso-administrativa.

5. A validez da aprobación do método de avaliación outorgada a un centro conforme esta orde será indefinida, e estará condicionada ao cumprimento continuado das condicións para o seu outorgamento e suxeita a un plan de supervisión continuada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, sempre que o interesado non renunciase á dita aprobación ou esta non fose revogada.

Os centros estarán obrigados a facilitar a documentación que lles sexa requirida para estes efectos e garantir á autoridade competente o acceso a eles. En caso de que o centro desexe modificar as condicións de aprobación do seu método de avaliación, deberá solicitar previamente unha nova aprobación da Axencia Estatal de Seguridade Aérea e presentar a documentación pertinente.

6. Os procedementos de avaliación desenvolvidos nun país estranxeiro e que un centro avaliador español desexe empregar para a avaliación da competencia lingüística deberán cumprir co establecido nesta orde e ser aprobados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o procedemento previsto neste artigo.

#### Artigo 14. *Requisitos dos centros avaliadores de competencia lingüística.*

1. Poderán exercer como centros avaliadores de competencia lingüística as persoas xurídicas, vinculadas ou non co sector aeronáutico, que dispoñan de medios materiais e humanos adecuados para a actividade de avaliación da competencia lingüística e que contén cun método de avaliación aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Cando o centro avaliador se encontre vinculado a unha organización pertencente ao sector aeronáutico, deberá dispor dunha estrutura independente funcionalmente desta.

2. Os centros deberán designar unha persoa con poderes suficientes para garantir que todas as actividades da organización se poden financiar e levar a cabo de acordo co previsto nesta orde e demais normativa aplicable. Así mesmo, nomearase un responsable de calidade, con formación e experiencia acreditadas en sistemas de xestión da calidade, encargado de controlar o cumprimento e a adecuación dos requisitos do sistema de xestión da calidade da organización.

3. Os centros deberán dispor do seguinte:

a) Un sistema de arquivamento que conserve a documentación e os rexistros de avaliación por un período de, ao menos, seis anos, ao cal terá acceso a Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

b) Un sistema de xestión de calidade que cumpra o establecido no artigo 16.

c) Os medios necesarios para posibilitar á autoridade aeronáutica a verificación da autenticidade dos certificados expedidos polo centro.

As comunicacións coa Axencia Estatal de Seguridade Aérea relativas aos procedementos derivados da aplicación desta orde realizaranse de forma exclusiva por medios electrónicos. As notificacións rexeranse polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Cada centro deberá dispor, como mínimo, de dous avaliadores aprobados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o disposto neste capítulo IV.

Os centros manterán actualizado un rexistro do persoal avaliador, ao cal poderá acceder a Axencia, en que se incluírá a información relativa á súa formación, inicial e de refresco, e o nivel de avaliación que pode realizar cada un.

5. O centro deberá dispor de 5 versións do exame de competencia lingüística como mínimo, as cales se deberán incrementar en, ao menos, unha versión ao ano por cada colectivo e idioma previsto.

#### Artigo 15. *Manual do centro avaliador de competencia lingüística.*

Cada centro avaliador de competencia lingüística disporá dun manual que describa os elementos do método de avaliación que aplica, os medios materiais cos que conta,

incluídas as súas instalacións, e o seu persoal. En particular, conterá unha descrición detallada dos seguintes elementos:

- a) Elementos administrativos: localización, verificación da identidade e vixilancia, disciplina, confidencialidade e seguridade.
- b) Informes e documentos que se deben remitir á autoridade aeronáutica ou ao candidato, incluído un modelo de certificado.
- c) Definición clara do propósito das probas e do colectivo a que se dirixe, descrición das probas de que consta a avaliación, fases en que se realiza, medios audiovisuais ou informáticos que se utilizan, exemplos de avaliación e os criterios e estándares de avaliación, polo menos, para os niveis 4, 5 e 6 da escala de cualificación de competencia lingüística.
- d) Política de conservación de documentos e rexistros.
- e) Sistema de revisión para aqueles candidatos que queiran recorrer contra a cualificación obtida.
- f) Persoal que intervéñen na avaliación e xestión, así como o seu responsable, especificando as funcións e responsabilidades de cada un deles. Indicaranse a formación e experiencia de avaliadores e interlocutores, así como os plans de formación, inicial e de refresco, requiridos para o persoal.
- g) Persoal encargado do deseño e desenvolvemento no caso de metodoloxía propia, a súa formación e experiencia.

*Artigo 16. Sistema de xestión da calidade do centro avaliador de competencia lingüística.*

1. O centro avaliador establecerá un sistema de xestión da calidade que incluírá un programa anual de auditorías, cuxo obxecto será controlar e garantir o cumprimento e a adecuación ao previsto nesta orde.

2. Cando, en aplicación do sistema de xestión da calidade, se detecten desviacións ou deficiencias, o centro avaliador asegurarse de que se adoptan as accións correctivas necesarias para emendar as deficiencias detectadas.

3. Ademais, o sistema de xestión da calidade deberá:

- a) Definir a xestión do centro avaliador, a súa estrutura organizativa, a súa política e os seus obxectivos de calidade para satisfacer as necesidades dos candidatos.
- b) Establecer programas de aseguramento da calidade para comprobar que todas as operacións se realizan de conformidade cos requisitos desta orde e da normativa da Unión Europea aplicable.
- c) Garantir o funcionamento do sistema de xestión da calidade mediante rexistros e información documentada, entre outros mediante manuais e documentos de supervisión.
- d) Definir os procedementos necesarios para garantir o correcto funcionamento do centro e controlar o seu cumprimento, co fin de garantir unhas prácticas operativas seguras e eficientes.
- e) Efectuar revisións do sistema de xestión da calidade implantado e adoptar, se procede, accións correctivas que garantan o establecemento, implementación, mantemento e mellora continua do sistema de xestión da calidade.

4. Tamén se considerará que o sistema de xestión da calidade do centro cumpre co previsto neste artigo se ten en vigor un certificado UNE EN ISO 9001 que cubra os servizos do centro avaliador, expedido por unha organización debidamente acreditada. A documentación relativa a esta certificación deberá estar á disposición da Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

*Artigo 17. Certificación do nivel de competencia lingüística.*

1. Para acreditar a superación das probas de competencia lingüística ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, os centros avaliadores de competencia lingüística expedirán ao interesado un certificado, electrónico ou en papel, en que se faga constar o seguinte:

a) O resultado da avaliación de acordo coa escala de niveis de avaliación de competencia lingüística aplicable a cada candidato segundo sexa titular dunha licenza aeronáutica civil de piloto, controlador de tránsito aéreo ou alumno controlador, de acordo coa normativa europea. Para o persoal AFIS e SDP, a escala de cualificación é a indicada no anexo I da presente orde. O dito resultado debe reflectir o nivel máis baixo dos obtidos en cada capacidade lingüística descrita na dita escala.

b) O nome completo do interesado, e o seu número do documento nacional de identidade ou o seu pasaporte, ou número de identidade de estranxeiro (NIE).

c) A data en que se realizou a proba de avaliación.

d) Os datos do centro que a realizou: enderezo, nome e sinatura da persoa con poderes suficientes do centro e nome dos avaliadores.

Cando se opte por expedir o certificado en formato electrónico, a sinatura da persoa con poderes suficientes do centro avaliador farase de conformidade cun dos sistemas de sinatura admitidos pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, de conformidade co artigo 10 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea aceptará, como acreditación do nivel de competencia lingüística do persoal aeronáutico, os certificados expedidos polos centros avaliadores de competencia lingüística cuxo método de avaliación fose aprobado pola autoridade aeronáutica competente doutros Estados en aplicación do Regulamento (UE) n.º 1178/2011, do 3 de novembro de 2011, ou do Regulamento (UE) 2015/340, do 20 de febreiro de 2015.

Disposición transitoria única. *Adaptación dos centros avaliadores autorizados aos novos requisitos.*

Os centros avaliadores que, no momento de entrada en vigor desta orde, estean autorizados para avaliar o nivel de competencia lingüística deberán adaptarse aos requisitos establecidos nesta orde no prazo máximo de dous anos contados desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase a Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación, e os seus anexos.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto na regra 20.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Execución e aplicación.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea e a Dirección Xeral de Aviación Civil, no ámbito das súas respectivas competencias, adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e execución desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Actualización de referencias.*

As referencias do Real decreto 1133/2010, do 10 de setembro, polo que se regula a provisión do servizo de información de voo de aeródromos (AFIS), e do Real decreto 1238/2011, do 8 de setembro, polo que se regula o servizo de dirección da plataforma aeroportuaria, á Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación, deberán entenderse realizadas a esta orde.

Disposición derradeira cuarta. *Normativa de aplicación supletoria.*

No non disposto nesta orde serán de aplicación as disposicións xerais sobre procedemento administrativo da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de inspección aeronáutica.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de novembro de 2019.—O ministro de Fomento, José Luis Ábalos Meco.

## ANEXO I

### Escala de cualificación da competencia lingüística

#### *Niveis experto e avanzado*

Nivel	Pronunciación Exprésase nun dialecto ou acento intelixible para a comunidade aeronáutica	Estrutura As estruturas gramaticais pertinentes e as estruturas das frases están determinadas polas funcións da linguaxe apropiadas á tarefa	Vocabulario	Fluidez	Comprensión	Interaccións
Experto 6	A pronunciación, acentuación, ritmo e entoación, aínda que posiblemente teñan a influencia da lingua primaria ou da variante rexional, case nunca interfíren na facilidade de comprensión.	Utiliza estruturas gramaticais básicas e complexas, e as estruturas de frases con bo dominio e coherencia.	A amplitude e precisión do vocabulario son xeralmente adecuadas para comunicarse eficazmente sobre unha ampla variedade de temas familiares e non familiares. Emprega unha variedade de modismos, matices e tons.	Capaz de expresarse con todo detalle e con fluidez natural e sen esforzo. Pode variar a fluidez do discurso para lograr efectos estilísticos, por exemplo para recalcar un punto. No seu discurso emprega apropiada e espontaneamente acentuacións e conxuncións.	Comprende con exactitude e de forma coherente e en case todos os contextos pode comprender as sutilezas lingüísticas e culturais.	Interactúa con facilidade en case todas as situacións. Pode captar indicios verbais e non verbais e responde a eles apropiadamente.
Avanzado 5	A pronunciación, acentuación, ritmo e entoación, aínda que teñan a influencia da lingua primaria ou da variante rexional, rara vez interfíren na facilidade de comprensión.	Utiliza as estruturas gramaticais básicas e as estruturas de frases con bo dominio e coherencia. Intenta expresarse mediante estruturas complexas aínda que con erros que algunha vez interfíren co significado.	A amplitude e a precisión do vocabulario son suficientes para comunicarse eficazmente sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Pode parafrasear de forma coherente e satisfactoria. Algunhas veces emprega modismos.	A amplitude e a precisión do vocabulario son suficientes para comunicarse eficazmente sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Pode parafrasear de forma coherente e satisfactoria. Algunhas veces emprega modismos.	Comprende con exactitude temas comúns, concretos e relacionados co traballo e con bastante exactitude cando se enfronta a complicacións de carácter lingüístico ou circunstancial ou cambios imprevistos. É capaz de comprender unha gran diversidade de variantes lingüísticas (dialectos e acentos) ou tons.	As respostas son inmediatas, apropiadas e informativas. Manexa a relación orador/ receptor eficazmente.

*Niveis operacional e preoperacional*

Nivel	Pronunciación Exprésase nun dialecto ou acento intelixible para a comunidade aeronáutica	Estrutura As estruturas gramaticais pertinentes e as estruturas das frases están determinadas polas funcións da linguaxe apropiadas á tarefa	Vocabulario	Fluidez	Comprensión	Interaccións
Operacional 4	A pronunciación, acentuación, ritmo e entoación teñen a influencia da lingua primaria ou da variante rexional pero só nalgúns ocasións interfiren na facilidade de comprensión.	Utiliza as estruturas gramaticais básicas e as estruturas de frases creativamente e, polo xeral, con bo dominio. Pode cometer erros, especialmente en circunstancias non ordinarias ou imprevistas, pero rara vez interfiren co significado.	A amplitude e a precisión do vocabulario son, polo xeral, suficientes para comunicarse eficazmente sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Con frecuencia pode parafrasear satisfactoriamente aínda que carece do vocabulario necesario para desenvolverse en circunstancias extraordinarias ou imprevistas.	Capaz de expresarse con frases longas a un ritmo apropiado. Ocasionalmente pode perder fluidez durante a transición entre un discurso practicado e outro formulado nunha interacción espontánea pero sen impedir unha comunicación eficaz. No seu discurso emprega limitadamente acentuacións ou conxuncións. As palabras superfluas non o confunden.	Comprende con bastante exactitude temas comúns, concretos e relacionados co traballo, cando o acento ou as variantes utilizados son intelixibles para a comunidade internacional de usuarios. Cando enfronta complicacións de carácter lingüístico ou circunstancial ou acontecementos imprevistos, a súa comprensión é máis lenta e require estratexias de aclaración.	Polo xeral, as respostas son inmediatas, apropiadas e informativas. Inicia e sostén intercambios verbais mesmo cando trata sobre situacións imprevistas. Ante posibles malentendidos, verifica, confirma ou clarifica adecuadamente.
Preoperacional 3	A pronunciación, acentuación, ritmo e entoación teñen a influencia da lingua primaria ou da variante rexional e con frecuencia interfiren na facilidade de comprensión.	Non sempre domina ben as estruturas gramaticais básicas e as estruturas de frases relacionadas con situacións previsibles. Os erros interfiren frecuentemente co significado.	A amplitude e a precisión do vocabulario son, polo xeral, adecuadas para comunicarse sobre temas comúns, concretos ou relacionados co traballo pero a gama é limitada e a selección de termos polo xeral é inapropiada. Con frecuencia non pode parafrasear satisfactoriamente por falta de vocabulario.	Capaz de expresarse con frases longas pero con pausas e oracións que, polo xeral, son inapropiadas. As dúbidas e a lentitude no procesamento da lingua non lle permiten comunicarse eficazmente. Os termos superfluos confúndeno algunhas veces.	Comprende con relativa exactitude temas comúns, concretos e relacionados co traballo cando o acento ou as variantes utilizadas son o suficientemente intelixibles para unha comunidade internacional de usuarios. Pode non comprender algunha complicación lingüística ou circunstancial ou unha situación imprevista.	Algunhas veces as respostas son inmediatas, apropiadas e informativas. Pode iniciar e soste intercambios verbais con certa facilidade sobre temas familiares e situacións previsibles. Xeralmente, a resposta é inadecuada cando enfronta situacións imprevistas.

*Niveis elemental e preelemental*

Nivel	Pronunciación Exprésase nun dialecto ou acento intelixible para a comunidade aeronáutica	Estrutura As estruturas gramaticais pertinentes e as estruturas das frases están determinadas polas funcións da linguaxe apropiadas á tarefa	Vocabulario	Fluidez	Comprensión	Interacciónes
Elemental 2	A pronunciación, acentuación, ritmo e entoación teñen unha forte influencia da lingua primaria ou da variante rexional e, xeralmente, interfírense na facilidade de comprensión.	Demuestra un dominio limitado dunhas poucas estruturas gramaticais e estruturas de frases sinxelas, aprendidas de memoria.	Vocabulario limitado unicamente a palabras illadas ou frases memorizadas.	Pode expresarse con frases curtas, illadas e aprendidas de memoria, con pausas frecuentes e utilizando palabras superfluas que poden prestarse a confusión mentres trata de achar expresións e articular termos menos familiares.	A comprensión límitase a frases illadas aprendidas de memoria, cando son articuladas coidadosa e lentamente.	Responde lentamente e, a miúdo, faino de forma inapropiada. A súa interacción límitase a intercambios de rutinas sinxelas.
Preelemental 1	Desempeño de nivel inferior ao elemental.	Desempeño de nivel inferior ao elemental.	Desempeño de nivel inferior ao elemental.	Desempeño de nivel inferior ao elemental.	Desempeño de nivel inferior ao elemental.	Desempeño de nivel inferior ao elemental.

Nota.—O nivel operacional (nivel 4) é o nivel de competencia lingüística mínimo requirido para as comunicacións radiotelefónicas. Os niveis 1 a 3 describen os niveis preelemental, elemental e preoperacional de competencia lingüística, respectivamente, e todos eles describen un grao de competencia inferior ao establecido nos requisitos de competencia lingüística da OACI. Os niveis 5 e 6 describen os niveis avanzado e de experto a un grao de competencia superior ao requisito mínimo. En xeral, a escala serve de referencia para a capacitación e avaliación, e para a asistencia aos candidatos na obtención do nivel operacional (nivel 4).

**ANEXO II****Certificados admitidos para acreditar os niveis C1 e C2 do Marco común europeo de referencia para as linguas***Acreditación do nivel C1 de castelán*

- Diploma de Español como Lingua Estranxeira (DELE) nivel C1, expedido polo Instituto Cervantes.
- Certificado de Español como Lingua Estranxeira de nivel C1 expedido a través das escolas oficiais de idiomas polas administracións educativas, correspondente ás ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

*Acreditación do nivel C1 de inglés*

- Certificado de Inglés como Lingua Estranxeira de nivel C1 expedido a través das escolas oficiais de idiomas polas administracións educativas, correspondente ás ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Cambridge English: C1 Advanced (CAE).
- International English Language Testing System (IELTS) cunha puntuación mínima de 6.5.
- Pearson Test of English (PTE) General, level 4.
- Edexcel Level 2 Certificate in ESOL International.
- Trinity College, Grade 10.

### *Acreditación do nivel C2 castelán*

- Diploma de Español como Lingua Estranxeira (DELE) nivel C2, expedido polo Instituto Cervantes.
- Certificado de Español como Lingua Estranxeira de nivel C2, expedido a través das escolas oficiais de idiomas polas administracións educativas, correspondente ás ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### *Acreditación do nivel C2 inglés*

- Certificado de Inglés como Lingua Estranxeira de nivel C2, expedido a través das escolas oficiais de idiomas polas administracións educativas, correspondente ás ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Cambridge English: C2 Proficiency (CPE).
- International English Language Testing System (IELTS) cunha puntuación mínima de 7.5.
- Michigan Examination for the Certificate of Proficiency in English (ECPE).
- Pearson Test of English (PTE) General, level 5.
- Edexcel Level 3 Certificate in ESOL International.
- Trinity College Grade 12.

## **ANEXO III**

### **Requisitos dos cursos iniciais e de refresco dos avaliadores de competencia lingüística**

#### *Curso de formación inicial de avaliadores*

Duración: 40 horas.

Contidos mínimos:

- Normativa relativa á competencia lingüística.
- Escala de cualificación do anexo I da presente orde.
- Exemplos de avaliacións publicados pola OACI (ICAO rated speech samples).
- Técnicas de avaliación.
- Método de avaliación do centro avaliador en que vaian actuar como avaliadores.
- Funcionamento e xestión do centro avaliador en que vaian actuar como avaliadores.

#### *Curso de formación de refresco de avaliadores*

Duración: mínimo 24 horas.

Frecuencia: cada 12 meses.

Contidos mínimos:

- Técnicas de avaliación.
- Escala de cualificación do anexo I da presente orde.
- Calibración do nivel de avaliación respecto á escala de cualificación.
- Funcionamento e xestión do centro avaliador en que vaian actuar como avaliadores.

## ANEXO IV

### Programa do curso de comunicacións aeronáuticas e o seu contorno real

#### *Comunicacións VFR e IFR*

1. Definicións.
  - a) Uso e significado dos termos asociados.
  - b) Abreviaturas dos servizos de tránsito aéreo.
  - c) Grupos de código Q usados comunmente en comunicacións RTF aire-terra.
  - d) Categoría das mensaxes.
2. Procedementos operativos xerais.
  - a) Transmisión de letras.
  - b) Transmisión de números (incluído nivel de información).
  - c) Transmisión da hora.
  - d) Transmisión técnica.
  - e) Palabras e frases normalizadas (incluída a fraseoloxía RTF máis importante).
  - f) Indicativos de chamada radiotelefónica para estacións aeronáuticas incluíndo o uso de chamadas abreviadas.
  - g) Indicativos de chamada radiotelefónica incluído o uso de chamadas abreviadas.
  - h) Transferencia de comunicacións.
  - i) Procedementos de proba, incluída a escala de recepción.
  - j) Requisitos de colación e recoñecemento.
  - k) Fraseoloxía de procedementos radar.
  - l) Cambio de nivel e informes.
3. Termos relevantes da información meteorolóxica (VFR).
  - a) Meteoroloxía de aeródromo.
  - b) Prognósticos meteorolóxicos.
4. Actuación requirida para adoptar en caso de fallo de comunicacións.
5. Procedementos en caso de emerxencia e urxencia.
  - a) Emerxencias (definición – frecuencias de emerxencia – sinais de emerxencia – mensaxes de emerxencia).
  - b) Urxencia (definición – sinais de urxencia – mensaxes de urxencia).